



## NÉVEDA EN CONTEXTO: MULLER E LIBRO REGIONAL NA ESPAÑA FINISECULAR

**Kirsty Hooper**

The Queen's College, Oxford

Como o título desta comunicación é “*Néveda en contexto*”, non me centrarei aquí na análise de *Néveda*, aquela *Historia dunha dobre seducción* publicada pola escritora Francisca Herrera Garrido en 1920. Non se trata logo dunha lectura novidosa desta interesante novela. Para ser máis precisa, case non se trata en ningún momento da novela en si. O que si trato é do seu contexto, ou sexa, da súa posición dentro da evolución das historias literarias nacionais de Galicia e de España. Parto do seguinte paradoxo: *Néveda* é a primeira narración extensa en lingua galega escrita por unha muller. Tralos prólogos a *Cantares gallegos e Follas novas* e aquel conto póstumo rosaliano, é case o primeiro texto en prosa e en lingua galega da autoría dunha muller. Por esta razón, ó empeza-las miñas pescudas e lecturas sobre literatura galega e ibérica finiseccular, agardaba atopar moita información sobre esta novela. Agardaba atopar lecturas e críticas dunha obra que debe ser considerada emblemática polo que nos ofrece: unha intervención feminina no espacio público das letras galegas, nunha época na que segundo Carmen Blanco, só dúas mulleres chegaron a falar en reunións públicas galeguistas (Blanco 1992: 322). Pero non encontrei nada diso. De feito, atopei que esta novela e a súa autora están case ausentes das grandes historias da literatura galega<sup>1</sup>.

Pero, se botamos unha ollada ás lecturas críticas da novela que aparecen, por exemplo, nos estudos preliminares ás edicións, ou nos estudos da literatura galega de muller, atopamos unha explicación desta ausencia. A maioría dos estudiosos seguen a aserción de Carballo Calero de que “Francisca Herrera fai pensar inmediatamente en Rosalía” (Noia 1981: 15). Iso é, consideran tanto a narrativa coma a poesía de Herrera —e a novela *Néveda* en particular— unha resposta directa á obra da ilustre precursora, escrita ata seis décadas antes. Neste sentido, Kathleen March, no seu artigo “Prolegómenos a un estudio das novelistas galegas”, refírese a *Néveda* como “unha manifestación en prosa do que aparentemente Rosalía encetara coa súa lírica: a liña do folclorismo ou tradicionalismo, o campo galego fronte ás clases privilexiadas”

---

<sup>1</sup> Para dar unicamente un exemplo moi recente, na *Historia da literatura galega* de Dolores Vilavedra, a narrativa de Herrera merece só unha nota ó pé, na que se di que “Ademais de poetisa, sería a primeira novelista galega, xénero no se estrearía con *Néveda* (1920), historia amorosa de ambiente rural, e do que nos deixaría outros testemuños” (Vilavedra 1999: 153, n. 40).

(March 1990: 369). En consecuencia, considérase Herrera ‘unha escritora que escribe fóra do seu tempo’ (Noia 1981: 18), unha cualificación á que se pode aplica-la hipótese das críticas feministas norteamericanas Gilbert e Gubar, de que é a falta de precursoras (en vez de precursores) a que prexudica ás escritoras nesta época (Gilbert & Gubar 1979: 47-51). Gracias a esta percepción, tamén vixente na época en que escribía Herrera, *Néveda* recibiu pouca atención ó publicarse, foi máis ou menos ignorada pola Xeración Nós nos anos 20<sup>2</sup> e, máis recentemente, ten sido descrita como un exemplo anacrónico do ‘costumismo rural’ que para moitos estudiosos caracteriza a cultura finisecular galega<sup>3</sup>. Un dos estudos máis completos da novela conclúe que mentres “resulta fundamental prá literatura galega o feito de que unha muller escriba unha novela en galego, xénero que tiña unha escasa tradición na nosa literatura” (Noia 1981: 16), o valor literario da novela non equivale á súa importancia ideolóxica: “Os libros de Herrera non tiñan nada novo que dicir ós seus contemporáneos porque as teses que ofrecían quedaban atrasadas e vellas” (Noia 1981: 18). Vemos, entón, que a crítica coincide en que *Néveda* é unha obra anacrónica e irrelevante que non ten espacio na historia da literatura galega tal como adoitamos contala, e moito menos na historia da literatura española.

O noso obxectivo no que nos queda de artigo é propoñer que a ausencia de *Néveda* do canon literario radica nun trazo común a tódalas historias literarias ibéricas. Na nosa opinión, a importancia desta novela vai alén do ámbito galego e, así mesmo, forma parte dunha forte pero en boa medida ignorada resposta literaria ós discursos centralizantes da Iberia finisecular. Cremos que a literatura denominada popularmente rexional é un trazo importante desta resposta, e por aquela entendemos “all writing that is grounded in a particular geographical area” (Inness & Royer 1997: 3) que non sexa o centro de poder<sup>4</sup>. No caso da literatura ibérica finisecular, vemos que existe un gran corpo de libros cuxo título ou subtítulo fai referencia á rexión ou o pobo en cuestión, como, por exemplo, *La rondeña: cuentos andaluces* (1902) de Blanca de los Ríos ou *El doctor Wolski: páginas de Polonia y Rusia* (1894) de Sofía Casanova. Inda máis, suxerimos que malia estar a maior parte desta literatura escrita en castelán, e a nosa novela en galego, comparten un contexto de recepción que se cadra nos pode dar unha nova perspectiva sobre ambas.

Empecemos cunha breve ollada ó significado da expresión ‘rexional’ dentro do contexto da Iberia finisecular. É indubidable que esta expresión resulta altamente controvertida no contexto dos discursos desta época. O seu significado cambia segundo a posición ideolóxica de cadaquén, e a súa principal característica é a distinción entre os dous polos ideolóxicos do rexionalismo político, radical ou periférico e, por outra banda, o rexionalismo reaccionario ou centralizante. A cultura finisecular está caracterizada polo conflito entre os dous polos, como nos comenta Catherine Davies cando observa que a disputa entre a centralista Pardo Bazán e o rexionalista Murguía “[it] was part of

<sup>2</sup> Por exemplo, en “La narrativa gallega de mujeres”, Camiño Noia observa que “Los miembros de la Xeración Nós, los escritores más importantes del primer tercio del siglo XX, otorgaron muy poco valor a la obra de Herrera, a quien consideraban una autora decimonónica por sus textos costumbristas” (Noia 2000: 248), e cita unha carta de Herrera a un amigo francés na que se queixa da súa indiferencia en comparación coa amizade alentadora que tiña con Manuel Murguía (Noia 2000: 248 n 12).

<sup>3</sup> A frase ‘costumismo rural’ ten a súa orixe na descrición brevísima da narrativa galega de entre 1900 e 1916 incluída na *Literatura galega* de Anxo Tarrío Varela (1994: 199).

<sup>4</sup> Texto orixinal en inglés traducido por min.

a much wider, crucial, national debate, involving not only the organisation of the state, but also a fundamental attitude towards the world and man's role in it" (Davies 1984: 613).

O conflito que observa Davies radica sobre todo no desenvolvemento dos nacionalismos periféricos que, nos últimos anos do s. XIX e primeiros do s. XX, proporcionan un importante desafío para o Estado español. Como sabemos, este desenvolvemento reflíctese non só nos discursos político-sociais, senón tamén —e sobre todo— no que se refire ó mundo da cultura. Concretamente, a institucionalización das literaturas nacionais da península intensifícase neste momento. A nosa análise do papel do rexionalismo literario na cultura finisecular radica no debate en torno á construción de historias xerais e historias literarias que xorde das teorías de Hayden White (*Metahistory, The Tropics of Discourse*), Linda Hutcheon e Mario Valdés (*Rethinking Literary History*), sobre todo, e que xa foron aplicadas ó caso hispánico por estudiosos da envergadura de Claudio Guillén (*Teorías de la historia literaria*). Á luz destas teorías, entendémo-las historias literarias nacionais como narracións teleolóxicas da evolución progresiva dunha nación, e interéstanos sobre todo a cuestión da integración ou non de voces alternativas, periféricas ou marxinais ó paradigma hexemónico. Seguindo esta formulación, considerámo-la maior parte da produción cultural finisecular tanto na narrativa da literatura española coma na galega como unha ruptura nesta evolución progresiva, que por iso queda basicamente fóra das historias oficiais. Pensamos, por exemplo, no caso español, en como as historias da literatura se centran na dialéctica entre a *Generación del noventa y ocho* e os *modernistas* ou, no caso galego, nas repetidas asercións de que entre as últimas obras de Curros e a chegada das Irmandades se produce unha 'depresión literaria', na que non hai case ningunha obra que sexa digna de consideración<sup>5</sup>. En consecuencia, unha xeración de escritores e textos queda oculta, entre eles a maioría dos escritores de obras denominadas 'rexionais' e case a totalidade de escritoras de toda índole<sup>6</sup>.

É dicir, malia que a historia hexemónica da literatura española nos presente unha cultura monoliticamente masculina e co seu foco en Castela, os radicais cambios demográficos que afectan á Península Ibérica tanto coma ó resto de Europa abren paso a unha impensada variedade de voces alternativas. Pese á recoñecida fragmentación da historia da literatura feminina tanto en Galicia coma en España durante a época finisecular, non podemos negar que moitas escritoras publican en campos como a narrativa, a poesía, o xornalismo, o ensaio e o teatro. A nosa tese, baseada en extensas pescudas bio-bibliográficas e textuais, é que as escritoras hispánicas participan con enerxía nos debates sobre a construción das identidades culturais da Península, aínda que dunha maneira moi distinta ós seus contemporáneos canónicos<sup>7</sup>.

<sup>5</sup> A definición de 'depresión finisecular' ten a súa orixe no estudio de Francisco Rodríguez *Literatura galega contemporánea* (50), pero é tamén o termo habitual na periodoloxía das historias da literatura galega publicadas por A Nosa Terra e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Para unha análise deste tema, véase o meu relatorio (inédito), "Rethinking (Galician) Literary History: The Problem of the *fin de siglo/século*, c1885-1920," lido no congreso *Reading Iberia: Iberian Studies in Theory and Practice*, University of Birmingham, July 2003.

<sup>6</sup> Para un estudio máis nítido da situación das escritoras na historia literaria galega, véase o meu artigo "Girl, Interrupted: The Distinctive History of Galician Women's Narrative". *Romance Studies* 21 (2), Swansea (July 2003): 101-114.

<sup>7</sup> Na miña tese de doutoramento (inédita) "*Extranjera en mi patria*": *Gender and Nation in the Pre-1914 Narrative of Sofía Casanova (1861-1958)*, University of Oxford, 2003, pode atoparse máis información bio-bibliográfica sobre as escritoras ibéricas finiseculares.

Sen embargo, se queremos situar aquelas escritoras dentro da evolución dunha historia literaria nacional, resulta imposible. Nin a narrativa cultural española nin a galega, tal como aparecen nas historias literarias institucionalizadas, poden encontrarlles un lugar. Para ser máis preciso, podemos dicir que, segundo os criterios de tales historias, as obras destas escritoras non se consideran nin galegas nin españolas.

Entón, ¿onde se sitúan estas mulleres no contexto das historias literarias nacionais da fin de século? É posible que a cantidade cada vez maior de libros denominados ‘rexionais’ publicada nesta época nos dea a chave: propoñemos que o emprego do ‘libro rexional’ é unha estratexia importantísima neste caso porque, case sen excepción, as escritoras finiseculares publican tanto novelas coma libros de contos ambientados nas súas rexións de orixe. Por outra banda, tampouco podemos esquecer que existía un número considerable de homes naquela época que escribían obras ambientadas na periferia, e que eses libros tamén quedan fóra das historias nacionais das literaturas ibéricas<sup>8</sup>. Sen embargo, o noso interese céntrase nesta ocasión nos libros denominados rexionais que son de autoría feminina. Son ben coñecidos os contos ‘rexionais’ da Condessa Pardo Bazán, publicados en antoloxías con títulos como *Cuentos del terruño* (1907). Pero tamén temos noticias de obras de escritoras menos coñecidas procedentes de toda a península, como Carmen de Burgos, Gloria de la Prada, Blanca de los Ríos ou Carmen Blanco y Trigueros en Andalucía; Concha Espina en Cantabria, ou Francisca Sarasate Navascues de Mena no País Vasco. En Galicia, ademais da Pardo Bazán, podemos citar a Sofía Casanova, Carmen Beceiro, ou Fanny Garrido. A maioría destas obras están case esquecidas, ou recuperáronse soamente en escolmas de marcado interese local.

Parece claro que o emprego do termo ‘rexional’ trae consigo moitas expectativas que debemos analizar para a súa cabal comprensión. A verdade é que o termo ‘literatura rexional’ é ambiguo: ten connotacións distintas segundo a época, o lugar ou a cultura na que se emprega. Mais toda escritura rexional posúe un status menor, marxinal, en relación coa literatura hexemónica ou do Estado. De feito, e sobre todo na fin de século, a escritura rexional está relacionada no imaxinario cultural co xénero feminino. No caso de Galicia, por exemplo, vemos na *Historia de la literatura gallega* de Augusto Besada, a primeira historia da nosa literatura, publicada en 1887, época de pleno rexionalismo, que a poesía galega é caracterizada como unha rapaza viva e descarada, “[e]ducada sin padres, que por su temprana muerte la abandonaron, apareció liberal, impía a veces, piadosa en ocasiones... Maestra en el arte de agradar, preséntase siempre hermosa y seductora y no hay para qué decir que atrae siempre y prende en las sutiles mallas de sus encantos” (Besada 1887: 103). Polo contrario, a prosa galega queda retratada como unha señora enxoiada e pouco sociable: “parece destronada matrona, reina orgullosa y pobre, que vive a solas en su retiro, dignándose de vez en cuando visitar a sus deudos, si por casualidad no lo hace por tarjeta y ya veremos cómo no es impropia la comparación” (Besada 1887: 113). Vintecatros anos máis tarde, a *Literatura gallega* de Carré Aldao, que viu a luz en 1911

---

<sup>8</sup> É innegable que existen algunhas excepcións como o valenciano Vicente Blasco Ibáñez. Entre os seus contemporáneos xa esquecidos podemos citar Juan Pedro Barcelona, Eusebio Blasco, Alberto Casañal Shaker (Aragón); Rafael Altamira (Valencia); C.A. Bardón (León); Arturo Reyes (Andalucía); Evaristo Rodríguez de Bedia e B. Rodríguez Parets (Cantabria), entre outros.



coa clara intención de poñer-los alicerces dunha literatura nacional, concibe a transición do rexionalismo ó nacionalismo como un proceso de virilización, como vemos cando observa verbo do nacemento da literatura nacional que “A las tristes quejas, sustituyen los acentos varoniles; ya no se ruega: ya no se llora: se exige y se amenaza” (Carré Aldao 1911: 35). A distancia entre os tópicos da escritura rexional (costumes, descrições paisaxistas, retratos en miniatura, etc.) e os da nacional (a condición humana, política, filosofía, o futuro da nación...) facilita esta comparación en termos xenéricos. Por ende, podemos establecer a hipótese de que os escritores de ‘libros rexionais’ estaban a xogar un partido que non podían gañar: ou eran mulleres, e por iso excluídas da configuración hexemónica da literatura nacional, ou, aínda peor, eran homes que se consagraban a unha forma de literatura denominada feminina e, ademais, lonxe da temática nacionalista, o que conducía ó mesmo resultado.

Ó noso parecer, resulta moi útil para a análise da problemática da literatura denominada rexional incorporar-las propostas de estudiosos e teóricos do rexionalismo norteamericano, como Roberto Dainotto, Sherrie Inness & Diana Royer, ou Elizabeth Ammons & Valerie Rohy. A construción canónica da literatura rexional en EEUU ten un forte parecido co mesmo proceso na Península Ibérica: tradicionalmente, ‘literatura rexional’ referíase a un corpo reducido de textos de autoría feminina, case todos contos (había poucas novelas longas), e escritos arredor da fin de século, ou sexa, entre os anos 80 do s. XIX e o segundo decenio do s. XX, é dicir, ata 1920 como moi tarde. Non esquezamos que neste ano a novela de Herrera Garrido ve a luz por primeira vez. Nos anos noventa, sen embargo, estudiosos como os citados empezaron a cuestionar esta equivalencia pouco crítica entre rexionalidade, femininidade e marxinalidade. Argumentan que non hai unha única tradición rexional que consista nun corpo de textos empiricamente verificables, pero que ‘escritura rexional’ é un termo ‘paraugas’ que “includes a wide range of writers and texts, spanning not only different parts of the US, but also many cultures and ethnicities, genres and forms, goals and ideologies” (Ammons & Rohy 1998: vii). Ou sexa, que a escritura ‘rexional’ é proba de que “[a]lternative ways of thinking, being, and feeling exist. There are spaces beyond the control and sometimes the comprehension of the dominant culture” (Ammons & Rohy 1998: xviii). Roberto Dainotto ofrece unha interpretación da literatura rexional que me axudou moito no desenvolvemento desta ponencia. Di Dainotto: “To put it bluntly, regionalism is the figure of an otherness that is, essentially, otherness *from*, and against, history” (Dainotto 2000: 9). Poderemos formular como hipótese, en principio, que a escritura rexional é a que ten a súa orixe alén das fronteiras da cultura dominante, ou sexa, fóra da metrópole, sexa esta xeográfica ou ideolóxica.

Para volver, en fin, á escritura rexional na Iberia finisecular, podemos preguntarnos se, á luz das anteditas propostas, esta tamén proporciona un espacio alén das fronteiras nacionais dende onde contesta-lo discurso centralizante. Ou, para reformular esta pregunta nos termos de Dainotto, cuestionamos se a exclusión de Herrera e as súas contemporáneas, as escritoras ‘rexionais,’ das historias nacionais da literatura galega ou española, lles proporciona ‘an otherness from and against history,’ e concretamente ‘from

and against' a historia literaria. ¿É posible que a súa condición de muller, o que as sitúa automaticamente nas periferias da cultura hexemónica –sexa esta galega ou española– lles permita traspasa-las fronteiras nacionais e utiliza-la figura de 'rexión' como punto nodal para reta-la cultura hexemónica? Antes de emprender un estudio baseado nestas cuestións, sería bo detérmonos nun par de aspectos relacionados coa especificidade do Estado español e das nacións ibéricas: primeiro, que España é unha nación de nacións, ou nacionalidades, a diferencia dos EUA, que resultan dunha federación de estados máis ou menos comprometidos coa nación única norteamericana. Iso supón que a relación entre as figuras de rexión e nación é máis complexa no caso ibérico que no caso norteamericano. En segundo lugar, na época da que estamos a falar, os EUA non se diferencian por teren linguas distintas e a correspondente identificación étnica e polo tanto nacional que supoñen. Nos casos de España e de Galicia, a respectiva formulación dunha única lingua nacional supón, como temos visto no caso de *Néveda*, a imposibilidade de recoñecer un diálogo literario entre textos que, de non estaren escritos en linguas distintas, se cadra demostrarían máis semellanzas que diferencias.

## Conclusiones

En resumo, entón, podemos formula-la seguinte pregunta: ¿que implica todo isto na nosa lectura de *Néveda*? Segundo temos visto, tanto en relación con *Néveda* coma coas escritoras en lingua castelá, as lecturas canónicas da cultura ibérica finisecular rexeitan a escritura rexional como 'feminina' –ou sexa, como sentimental, parroquial e irrelevante para os grandes debates culturais, intelectuais, e sobre todo nacionais, da época. Pero a existencia deste corpo de obras é un feito que non podemos negar, e o feito de que a cultura verbal cruce fronteiras tanto políticas ou xeográficas coma ideolóxicas é igualmente innegable: de aí a insuficiencia dos modelos canónicos existentes para reflecti-la gran diversidade da cultura finisecular. En definitiva, a nosa intención neste relatorio ten sido propoñer que a relevancia de *Néveda* vai máis aló do parecido (innegable, iso si) coa obra rosaliana, e que a novela de Herrera Garrido, igual ca outros chamados 'libros rexionais' de escritoras finiseculares, pódese considerar unha importante e imprescindible refutación das supostas historias monolíticas das literaturas nacionais na península ibérica finisecular.

## Bibliografía citada

- AMMONS, Elizabeth & ROHY, Valerie, eds. *American Local Color Writing, 1880-1920*. New York: Penguin, 1998.
- BESADA, Augusto G. *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua. Tomo I, Vol. I*. La Coruña: Tip. de La Voz de Galicia, a cargo de José M Marquer, 1887.

- BLANCO GARCÍA, Carmen. *Escritoras galegas*. Vigo: Xerais, 1992.
- CARRÉ ALDAO, Uxío (Eugenio). *Literatura gallega. Con extensos apéndices bibliográficas y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales. Segunda edición puesta al día y notablemente aumentada en el texto y apéndices*. Barcelona: Casa Editorial Maucci, 1911.
- DAINOTTO, Roberto. *Place in Literature: Regions, Cultures, Communities*. Ithaca NY: Cornell UP, 2000.
- DAVIES, Catherine. "Rosalía de Castro's Later Poetry and Anti-Regionalism in Spain". *The Modern Language Review* 79/3 (1984): 609-619.
- GILBERT, Sandra M. & GUBAR, Susan. *The Madwoman in the Attic. The Woman Writer and the Nineteenth-Century Literary Imagination*. New Haven CT: Yale UP, 1979.
- GUILLÉN, Claudio. *Teorías de la historia literaria: ensayos de teoría*. Madrid: Espasa-Calpe, 1989.
- HUTCHEON, Linda & VALDÉS, Mario J, eds. *Rethinking Literary History. A Dialogue on Theory*. Oxford: Oxford UP, 2002.
- INNESS, Sherrie & ROYER, Diana, eds. *Breaking Boundaries: New Perspectives on Women's Regional Writing*. Iowa City: University of Iowa Press, 1997.
- MARCH, Kathleen. "Prolegómenos a un estudio das novelistas galegas". *Actas do Segundo Congreso de Estudos Galegos: Brown University, Novembro 10-12, 1988*. Vigo: Galaxia, 1990.
- NOIA CAMPOS, Camiño. "Introducción". *Néveda*, de Francisca Herrera Garrido. Vigo: Xerais, 1981.
- "La narrativa gallega de mujeres". *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)* VI. Ed. de Iris Zavala. Barcelona: Anthropos, 2000.
- RODRÍGUEZ, Francisco. *Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación*. Ferrol: Limiar, 1990.
- TARRÍO VARELA, Anxo. *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Xerais, 1994.
- VILAVEDRA, Dolores. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1999.
- WHITE, Hayden. *Metahistory. The Historical Imagination in Nineteenth-century Europe*. Baltimore: Johns Hopkins UP, 1973.
- *The Tropics of Discourse. Essays in Cultural Criticism*. Baltimore/ London: Johns Hopkins UP, 1978.

Hooper, Kirsty. "Néveda en contexto: muller e libro rexional na España finisecular". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

